A ILUSTRACIÓN: I.KANT E OS LÍMITES DA RAZÓN

1. A Ilustración, cumio da modernidade

1.1 Introdución

A Ilustración ten lugar na época das revolucións liberais e burguesas, como a inglesa de 1688 e sobre todo a francesa de 1789. O pensamento ilustrado expresa as novas ideas de clase burguesa contra o *antigo réxime* e a concepción liberal e tolerante desta, que se manifesta nos ideais de *liberdade, igualdade e fraternidade.* Os países nos que a Ilustración ten maior forza foron Inglaterra, con Hume, Locke, Hobbes e Newton, onde se iniciou; en Francia, con Rousseau, Voltaire, Montesquieu, D´Alembert, Diderot,...onde adquiriu maior brillantez e en Alemaña, coa figura filosófica máis importante: I. Kant.

As raíces da Ilustración remóntanse á Grecia Clásica (século V a.C.) na que os filósofos descobren ó home e a súa capacidade intelectual, ó tempo que atopan “regularidades” (leis) nunha natureza que din está rexida por unha mente razoable (Nous de Anaxágoras) ou Logos.

O pensamento medieval (séculos VI a XIV) supuxo unha involución. O debate razón e fe, filosofía e teoloxía, somete ó home baixo a tutela dos dogmas revelados e o home pasa a ser un servo de Deus, cuxo único fin é a salvación da súa alma.

O Renacemento (séculos XV-VI) dará un xiro antropolóxico ó romper coa cultura teocéntrica medieval e situar ó home de novo no centro do debate cultural. A ciencia renacentista e moderna, pola súa parte, favoreceu a confianza na capacidade da razón humana para comprender e explicar a natureza e reforza a súa autonomía respecto da tradición cristián.

Isto leva a necesidade de revisar criticamente tanto a natureza e alcance da razón humana, como a unha revisión da propia idea do home, polo que se fai necesario responder as cuestións que formula o propio Kant, Que poido saber? Que debo facer? Que me cabe esperar? e como resumo das tres, a pregunta fundamental da súa filosofía: Que é o home?

As novas ideas da Ilustración: progreso, educación, humanismo, civilización, natureza e razón, convértense nas respostas ás preguntas kantianas e nun novo paradigma cultural que chegará ós nosos días.

1.2 Razón e progreso

Idea de progreso

A actitude crítica ante o pasado, deixaba de lado toda dúbida respecto a si a humanidade progresara ou non. Para os ilustrados resultaba evidente que vivían no século das luces. A fe na providencia divina, que satisfacía ó home medieval, trasládase neste momento á orde mundana adquirindo a forma dunha fe decidida no progreso continuo e sen límites da razón e a humanidade. Esta idea de progreso comporta a confianza nun home mellor e na capacidade liberadora da razón, capacidade para mellorar a situación do home, tanto dende o punto de vista material co dominio da natureza mediante a ciencia e a técnica, como espiritual, mediante a educación e ilustración do espírito humano, que nos levará a unha sociedade máis libre e xusta.

Educación

Estreitamente vinculada a idea de progreso debemos referirnos a outra idea fundamental: a educación ou iluminación. Os propios ilustrados consideran a ilustración como un movemento que ven traer a luz (usando a luz como metáfora da razón) en medio da escuridade (usando esta como metáfora de ignorancia). Para os ilustrados a educación é, ante todo, o modo de desenvolver as capacidades e coñecemento do home. Esta idea é recollida por Rousseau na súa obra *O Emilio ou Da Educación* (1762). O proxecto Enciclopedista de Diderot e de D´Alembert intenta recopilar o conxunto dos coñecementos logrados pola ciencia hasta ese momento co fin divulgalos ó conxunto da humanidade. Esta educación sentaría as bases dunha sociedade humana máis libre, igual e fraternal, principios que había adoptar a Revolución Francesa.

Humanismo

Os ilustrados, de acordo coa tendencia antropocéntrica do pensamento moderno, van creando un novo ideal de home, racional e autónomo, que se fai a si mesmo, e que coa axuda da educación e a ciencia despregue as súas potencialidades naturais e o progreso histórico sen máis axuda que si mesmo.

Idea de Natureza e Civilización

Para os ilustrados, co nacemento da cultura e as sociedades, a humanidade non deixara de avanzar cara un estado que chamaron Civilización. Este concepto refire un proceso de progreso na sociedade e a cultura, entendidas non so como conxunto de coñecementos e valores culturais, senón tamén como desenvolvemento tecnolóxico e político social. Fronte a esta actitude optimista dos filósofos da ilustración que pensaban que os importantes avances científicos e técnicos que se estaban verificando naquela época, non so melloraban ó home materialmente, senón tamén moralmente; é dicir, que a medida que se progresaba na ciencia e na técnica, o home íase facendo cada vez mellor. Fronte a isto, Rousseau sinalaba que a civilización, en lugar de mellorar o home, o que facía era corrompelo. O mito do “bo salvaxe” presenta a un home que chega ó mundo cunha boa predisposición para un comportamento moralmente bo, pero a sociedade transfórmanos porque está estruturada de forma inxusta. Polo tanto, si se quería mellorar ó home, antes había que mellorar a sociedade. Dita tese causou unha forte crítica por parte dalgúns ilustrados ó atacar unha das ideas fundamentais dos ilustrados: a idea de progreso. Rousseau defendeu o papel da educación como a ferramenta para corrixir esta sociedade inxusta.

A razón

De todas as ideas ilustradas, a máis representativa e a que mellor sintetiza o espírito da Ilustración é a idea de “razón”. Unha razón que os ilustrados conciben como autónoma, crítica, analítica e empírica, secularizada e transformadora.

Autonomía da razón. Nun dos seus primeiros escritos, *Contestación á pregunta, Que é a ilustración?* é Kant quen mellor resume a actitude intelectual do home ilustrado cando exhorta ó ser humano a servirse do seu propio entendemento sen a axuda e dirección de outros. “*Sapere aude”* é o lema de Kant. Deste modo expresa Kant o carácter autónomo da razón na época ilustrada. Hai unha confianza declarada nas forzas e recursos da razón, polo que se invita a usar dela con independencia, sen recoñecerlle outros límites que os impostos por la súa propia natureza. Os

ilustrados rexeitan a tradición como guía, a razón é a única guía do home. Isto supón que a razón debe liberarse de toda tutela exterior, de toda autoridade, especialmente da relixión.

Razón Crítica. A razón autónoma, necesitaba ser clarificada respecto a aquilo que a afogaba. Debe ser pois, unha razón crítica contra os prexuízos que a cegan e prexudican, isto é, crítica coa tradición que dificulta a innovación científica, moral ou política sen outra razón que o ser pasado. A lóxica aristotélica dificultou o recoñecemento dunha nova lóxica (novo organom) que impulsara o recoñecemento científico dos feitos empíricos particulares. Critica contra a autoridade externa non recoñecida nin recoñecible como tal pola propia razón. Os dogmas revelados son alleos á razón e polo tanto deben quedar relegados ó ámbito da fe. E debe ser incluso crítica consigo mesma para establecer os seus propios límites como expón Kant na súa obra fundamental : *Crítica da razón pura* (1787).

Razón analítica e empírica. A razón non so ten unha natureza, senón que tamén é un instrumento ou medio para coñecer, e co cal interpretar o mundo. De acordo coa súa natureza a razón é analítica. Con este termo quérese designar a súa oposición co uso da razón que o racionalismo fixera no século XVII. A razón racionalista pretendía coñecer dende si mesma dun modo dedutivo e a priori e cre posuír en si mesma as liñas esenciais de toda a realidade; a razón ilustrada, pola contra, enténdese como a capacidade de adquirir coñecementos coa experiencia e o empírico.

Razón secularizada e transformadora. A razón racionalista tiña o seu último fundamento na existencia de Deus, grazas o cal era posible un uso transcendente da razón. Fronte a isto a ilustración ten unha idea secularizada da razón. A Ilustración rompe o equilibrio entre razón e fe, terminando por reducir os contidos da fe a verdades racionais, e esixía, ademais, unha total e progresiva desacralización de todas as actividades humanas. A razón convertese en transformadora dun novo paradigma cultural: fronte ó teocentrismo, imponse un *fisiocentrismo:* a natureza constitúe o centro e punto de referencia. Pasase agora a ter fe no natural. Fronte á "providencia divina", crese agora no progreso continuo e ilimitado da razón e da sociedade humana. E fronte a "redención sobrenatural" confíase máis na redención que o home mesmo debe procurarse mediante o traballo e esforzo por vencer as circunstancias desfavorables da historia. A historia e a sociedade aparecen agora como o novo marco e horizonte de salvación.

2. Inmanuel Kant: que é a Ilustración

2.1 Introdución

Kant é, ante todo, un pensador da Ilustración pola súa concepción antropocéntrica da filosofía. O núcleo argumental desta antropoloxía filosófica é a razón, xa que na súa *crítica* ou *fundamentación* Kant someterá a razón humana, ao propio tribunal da razón: *a razón á luz da mesma razón.* As dúas grandes obras do período crítico, *Crítica da razón pura* e *Crítica da razón práctica*, responden a este ideal ilustrado. Na primeira trata de fundamentar o uso teórico da razón, a saber, a orixe, alcance e límites do coñecemento humano e o seu logro máis alto, a ciencia. Na segunda, preténdese fundamentar o uso práctico da razón, é dicir, esclarecer os valores, normas e principios que orientan a conduta, así como a idea de liberdade**.**

Contextualización do pensamento de Kant

Kant foi o filósofo máis representativo da Ilustración… Identificouse co ideario e os obxectivos políticos da Revolución Francesa e foi partidario da independencia dos Estados Unidos. Declarouse a favor do pacifismo e a *paz perpetúa* como principio da convivencia internacional, e foi defensor decidido da utopía dunha sociedade cosmopolita. Pero onde se descobre con máis claridade a súa vinculación coas ideas liberadoras do "iluminismo" é na súa defensa do *uso público da razón* nunha colectividade na que se poida expresar libremente o pensamento.[…]

Biografía

Immanuel Kant naceu en 1724 en Königsberg, en Prusia Oriental… O seu ambiente familiar era moi relixioso. A familia pertencía a un rama luterana do cristianismo reformado denominada "os pietistas". Aos oito anos, Kant ingresa no Collegium Fridericianum, de orientación pietista, onde recibiu educación relixiosa e un estilo de vida de austeridade e o autocontrol…

Ilustración 1 I. Kant

En 1740 ingresou na Universidade, na Facultade de Filosofía… A filosofía predominante era o racionalismo de Wolff, seguidor de Leibniz… Pero tamén leu con interese as obras dos empiristas ingleses, especialmente a de Hume… No estudo da física-matemática newtoniana descubriu a necesidade da observación empírica, así como da organización dos datos da experiencia nun esquema racional para acadar avances cruciais no coñecemento científico...

Doutor en Filosofía, en 1755 obtivo a licenza para impartir clases como profesor auxiliar na mesma universidade de Königsberg, na que ensinou as máis variadas disciplinas, como matemáticas, física, lóxica, metafísica, antropoloxía, xeografía, arte de fortificacións..., e publicou traballos monográficos sobre temas moi heteroxéneos. En 1770 aceptou a cátedra de Lóxica e Metafísica da Universidade de Königsberg, iniciando o período crítico do seu pensamento.

A súa vida foi sempre moi rutinaria e monótona, sendo en extremo sobrio nas súas costumes cotiáns. Tamén os seus hábitos de traballo eran metódicos e regulares…. Coa excepción dos seus primeiros anos de profesor particular, Kant non saíu nunca de Königsberg. Quizais o único acontecemento que perturbou a súa vida sinxela foi o conflito que mantivo coa censura de Federico Guillermo II o Grande, a raíz da publicación da súa obra *A relixión dentro dos límites da mera razón*. Entón viuse obrigado a asinar un escrito comprometéndose a non falar nin escribir publicamente de relixión, promesa da que se desentendeu á morte do emperador.

Obras

Adóitase dividir a obra de Kant en dous períodos: precrítico (1749 – 1769) e crítico (1770-1804).

a) **Período precrítico**. Paralelo aos anos de formación universitaria, conxuga o interese pola física-matemática de Newton e a metafísica racionalista de Leibniz e Wolff. Algúnha das obras deste período: *Historia xeral da natureza e teoría do ceo*, 1755 (Cosmogonía mecanicista de inspiración newtoniana). *Nova elucidación dos primeiros principios do coñecemento científico* (Crítica a metafísica de Wolff, un racionalista alemán).*Soños dun visionario esclarecidos polos soños da*

metafísica, 1766 (Rexeita toda metafísica racionalista allea a toda experiencia, e onde comeza a concibir a metafísica como a ciencia dos límites da razón humana.

b) **Período crítico**. Sinala o comezo do seu pensamento máis orixinal e innovador. A filosofía, como actividade crítica, esixe formularse e responder a estas tres preguntas fundamentais:

- *Que podo coñecer?* Problema da orixe, alcance e límites do coñecemento humano. Kant contesta nas obras:

- ***Crítica da razón pura*** (1781, 1ª edición, e 1787, 2ª edición). **Obra central da súa filosofía**.
- *Prolegómenos a toda metafísica futura que pode presentarse como ciencia* (1783), na que recolle os resultados da Critica da razón pura.

- *Que debo facer?* Netas obras aborda o problema da ética.

- *Que é a Ilustración?* (1784). Presenta a concepción e significado da Ilustración.
- *Fundamentación da metafísica dos costumes* (1785). Obra introdutoria á teoría ética.
- *Crítica da razón práctica* (1788). Sobre a vida moral e a ética kantiana.
- *Crítica do xuizo* (1790). Obra na que intenta mediar entre natureza e liberdade.

- *Que me cabe esperar?* Problema relixioso e do destino transcendente do home.

- *Relixión dentro dos límites da mera razón* (1793). Sobre a filosofía da relixión.

Tamén escribiu algunha obra de carácter filosófico – político, como *A paz perpetua* (1795), na que tenta establecer as condicións morais e xurídicas que deberían imposibilitar a guerra.

Aquí centrarémonos nas dúas primeiras preguntas, e nas dúas obras críticas máis coñecidas e influentes: *Crítica da razón pura,* na que se fundamenta o uso teórico da razón, e a *Crítica da razón práctica,* na que se fundamenta o uso práctico da razón.

2.2 A Filosofía crítica: sentido ilustrado e mundano da crítica

Convén recordar que unha das obras de Kant máis influentes do período crítico titúlase *Que é a Ilustración?* (1784). Nela formúlase a necesidade de superar a situación actual de desvalemento e falta de madureza e autonomía da razón. Dito coas súas propias palabras: *A Ilustración é a liberación do home da súa culpable incapacidade. A incapacidade significa a imposibilidade de servirse da súa intelixencia sen a guía doutro. Esta incapacidade é culpable porque a súa causa non reside na falta de intelixencia senón de decisión e valor para servirse por si mesmo dela sen a tutela doutro. ¡Sapere aude! Ten o valor de servirte da túa propia razón!: velaquí o lema da Ilustración. A preguiza e a covardía son causa de que unha grande parte dos homes continúe a gusto no seu estado de pupilo, a pesar de que hai tempo que a Natureza os liberou de allea tutela (naturaliter maiorennes); tamén o é de que se faga tan doado para outros erixirse en titores. ¡É tan cómodo non estar emancipado! Teño á miña disposición un libro que me presta a súa intelixencia, un cura de almas que me ofrece a súa conciencia, un médico que me prescribe as axudas, etc., así que non necesito molestarme.*

Kant entendía esta situación de *minoría de idade* dende unha perspectiva política (absolutismo fronte a liberdade), relixiosa (fanatismo fronte a tolerancia), ética (dependencia fronte a autonomía moral) e científica (dogmatismo fronte á actividade investigadora e produtiva da razón).

Para Kant, a manifestación auténtica da superación da minoría de idade do ser humano é a crítica, entendida como unha esixencia ineludible de clarificación universal ante o tribunal supremo da razón. En xeral, hai que considerar á crítica como un dos supostos máis vigorosos do pensamento ilustrado. A crítica é o uso público da razón sen ningunha limitación ás súas pretensións de expresarse sobre todo tipo de cuestións. Xa sinalamos a sistemática revisión racional que os intelectuais da Ilustración fixeron de temas tan diversos como a ciencia, a relixión, a sociedade, a economía, a política, o dereito...

Neste sentido, a crítica é para Kant a necesidade humana de iluminar ou esclarecer o que o home é en si mesmo e determinar cales son os seus fins e valores últimos**.** Ao presentar as etapas ou períodos da súa obra, referímonos ao significado crítico da filosofía como unha esixencia e unha urxencia permanente da razón por dar resposta a unha serie de preguntas constituíntes que serven de fundamento a todas as demais.

O significado filosófico do termo *crítica* en Kant é o de *fundamentación*, concepto que non alude expresamente ao momento negativo de eliminación das ideas erróneas sobre o tema tratado, senón á formulación dos seus alicerces racionais. Así, a *Crítica da razón pura* é a fundamentación do uso teórico da razón, tratando de establecer as condicións do coñecemento científico; mentres que a *Crítica da razón práctica* é a fundamentación do uso práctico da razón, para establecer as condicións da conduta moral e a liberdade.

3. O Idealismo transcendental: crítica da razón pura.

3.1 Introdución

O *idealismo transcendental* é o sistema da filosofía kantiana desenvolvido na *Crítica da razón pura.* Nesta obra Kant pretende superar cunha síntese orixinal os principios filosóficos e as teses epistemolóxicas das dúas correntes filosóficas máis importantes da modernidade: Racionalismo e Empirismo.

A fundamentación do uso teórico da razón é a resposta crítica á primeira pregunta da filosofía (*Que podo coñecer*?) e ten como horizonte a teoría do coñecemento do Racionalismo, cuxos representantes máis xenuínos son Descartes e Leibniz, e do Empirismo, cuxo máximo representante foi Hume.

Xenericamente podemos entender o problema do coñecemento como unha relación entre dous polos opostos: *o suxeito* que coñece (pensamento) e *o obxecto* que é coñecido (realidade). Da consideración de ambos os dous polos, e do predominio dun sobre outro ou da relación entre ambos os dous, xurdiron as diferentes concepcións epistemolóxicas.

O Racionalismo centrábase, sobre todo, no polo do suxeito, do pensamento, é dicir, da razón, de aí o seu nome. Para esta corrente, a razón humana está dotada dun conxunto de ideas innatas que Deus puxo nela. A partir delas e utilizando as regras dun método apropiado a razón constrúe o sistema verdadeiro e completo da realidade. A razón humana non é infinita nin perfecta, como a divina, pero, dentro dos seus límites, coñece con absoluta certeza. A función dos feitos, unha vez deducido racionalmente o sistema, é confirmar a verdade necesaria das proposicións deducidas. É evidente que o Racionalismo sostiña unha concepción dogmática do coñecemento.

O Empirismo centrábase, sobre todo, no polo do obxecto, é dicir, do recibido na experiencia, de aí o nome da escola. En primeiro lugar, negaba a existencia de ideas innatas. A mente adquire a totalidade dos coñecementos a partir dos datos sensibles. A mente é o escenario baleiro no que se presentan de forma sucesiva os elementos empíricos do coñecemento (impresións e ideas) e combinándose mediante leis e mecanismos psicolóxicos.de asociación.

O coñecemento científico, dixera Hume, consiste na crenza baseada no costume, única guía da vida, de que os feitos tal e como suceden (ou se presentan ao suxeito) seguirán acontecendo así no futuro, aínda que nada garante este principio universal... A regularidade dos feitos futuros (principio de causalidade) non se pode comprobar empiricamente nin demostrar racionalmente. O criterio de verdade da ciencia, segundo o Empirismo, é a mera probabilidade, non a universalidade e necesidade. Trátase, polo tanto, dunha concepción escéptica do coñecemento posto que en cuestións de feito non existen certezas a priori e mesmo as leis físicas non poden superar, en maior ou menor grao, a mera posibilidade.

Condicións empíricas e transcendentais do coñecemento

Segundo Kant, no coñecemento humano temos que distinguir dous tipos de condicións: empíricas e trascendentais.

- As *condicións empíricas* proceden da experiencia, dependen dos feitos e son sempre a posteriori, é dicir, singulares e continxentes.
- As *condicións transcendentais* son previas á experiencia, dependen do suxeito lóxico e son sempre a priori, é dicir, universais e necesarias, e impóñense a toda experiencia.

Kant ocupouse, sobre todo, destas últimas, aínda que recoñeceu o papel imprescindible das primeiras. Sen as condicións transcendentais ou a priori non poderiamos organizar a experiencia como coñecemento obxectivo (universal e necesario); pero tampouco poderiamos coñecer sen a experiencia recibida posto que ningún material empírico existiría para ser organizado. Hai algo recibido da experiencia e algo posto polo suxeito no acto de coñecer.

O denominado *xiro copernicano* na filosofía kantiana consiste na inversión radical da relación entre os dous polos do coñecemento (suxeito e obxecto) tal e como a concibía o empirismo. No *idealismo trascendental* o suxeito non é un mero receptor pasivo dos datos da experiencia, senón que constitúe o obxecto impoñéndolle as propias condicións a priori de coñecemento.

Na súa principal obra, *Crítica da razón pura*, Kant centrouse na crítica ou fundamentación das condicións transcendentais ou a priori que organizan e fan posible a experiencia como coñecemento obxectivo, é dicir, científico. Por isto o seu sistema denominouse idealismo transcendental.

- Idealismo polo papel determinante do suxeito na constitución do coñecemento.
- Transcendental pola función das condicións transcendentais, ou a priori, en tal constitución. Con palabras de Kant: *Chamo transcendental a todo coñecemento que, en xeral, se ocupa non dos obxectos senón do xeito que temos de coñecelos en tanto que sexa posible a priori. Un sistema de tales conceptos chamaríase transcendental*. […]

Análise lóxica dos xuízos da ciencia: os xuízos sintéticos a priori

Na *Crítica da razón pura* Kant proponse realizar unha fundamentación do uso teórico da razón, cuxa máis alta realización, en pleno século XVIII, é o coñecemento científico. O idealismo

transcendental é precisamente a exposición maxistral dos fundamentos epistemolóxicos da ciencia moderna.

Cando Kant fala de coñecementos científicos non se refire a unha suposta ciencia ideal ou imaxinaria, senón aos logros efectivos e reais desta; é dicir, á ciencia como un feito (*factum*) historicamente realizado. Refírese, polo tanto, á física-matemática de Newton, aos grandes avances matemáticos do século XVII e XVIII e, tamén, á Metafísica, que, debido ao influxo do racionalismo na filosofía alemá, seguía considerándose como a ciencia primeira e fundamental.

Podemos considerar á ciencia como un sistema organizado de xuízos ou proposicións, trátese de teoremas matemáticos, leis físicas ou deducións metafísicas. A pregunta kantiana é: cáles son os xuízos característicos da ciencia?. Pero, para contestar, é preciso distinguir pr i meiro os tipos de xuízos existentes, segundo a relación lóxica existente entre suxeito e predicado:

a) *Analíticos*: o concepto do predicado está comprendido xa no concepto do suxeito. Abonda con analizar o suxeito para comprender que o predicado está incluído nel e, polo tanto, perténcelle necesariamente. Un exemplo sería afirmar que "os triángulos teñen tres ángulos". Son tautoloxías, nas que o predicado explicita o suxeito. Estes xuízos non son extensivos porque o predicado non engade información nova á contida no suxeito, e, en consecuencia, non fan avanzar o coñecemento.
b) *Sintéticos*: o concepto do predicado non está comprendido no concepto do suxeito. Son xuízos extensivos, é dicir, fan avanzar o coñecemento. Por exemplo "os metais son bos condutores da electricidade". Son extensivos. Engaden información descoñecida.
c) *A posteriori* son aqueles xuízos cuxa verdade depende directamente da experiencia, como "Xoán mide 1,82 cm.". Son pois particulares e continxentes.
d) *A priori* son aqueles xuízos cuxa verdade é independente da experiencia. Por exemplo, unha afirmación como "os gases dilátanse coa calor", que non é un feito empírico, posto que os feitos son sempre singulares e accidentais. Poderiamos dicir, para entendernos, que "ninguén viu en ningunha parte" un feito de natureza xeral como o anterior. Por iso, son universais e necesarios.
e) Pero, os xuízos da ciencia son, á vez, *extensivos, e universais e necesarios*. Así, a pregunta pola fundamentación do coñecemento científico ou polo uso teórico da razón, é a pregunta polas *condicións de posibilidade e validez* dos *xuízos sintéticos a priori* en Matemáticas, Física e Metafísica.

Non obstante, hai unha importante diferenza entre as dúas primeiras preguntas e a terceira. As primeiras (*como son posibles os xuízos sintéticos a priori nas Matemáticas e na Física?*) non dubidan da posibilidade e validez dos xuízos sintéticos a priori en Matemáticas nin na Física, posto que a Matemática e a Física son xa ciencias solidamente establecidas, de feito. Pero a terceira pregunta (*Son posibles … na Metafísica?*) é moi distinta, pois a Metafísica non é un saber que se ocupe de feitos; nin é comprobable, nin tampouco hai avances acumulativos... Non é aínda unha ciencia segura, senón dubidosa e discutible. Por iso, a pregunta é: “se serán posibles… algún día” e se poderá constituírse entón como ciencia segura.

3.2 División da crítica da razón pura

A *Crítica da razón pura* divídese en tres partes, que Kant, denomina respectivamente, Estética trascendental, Analítica transcendental e Dialéctica transcendental. As tres corresponden ás tres facultades do coñecemento humano: *sensibilidade* ou facultade das intuicións (coñecemento

sensible), *entendemento* ou facultade dos conceptos (coñecemento intelectual) e *razón* ou facultade dos principios (coñecemento racional).

a) **Na Estética transcendental**, Kant ocúpase da crítica ou fundamentación das condicións transcendentais da sensibilidade. Do uso a priori (universal e necesario) de tales condicións séguese a posibilidade e validez dos xuízos sintéticos a priori en Matemáticas.

b) **Na Analítica transcendental** Kant ocúpase da crítica ou fundamentación das condicións transcendentais do entendemento. Do uso a priori (universal e necesario) de tales condicións séguese a posibilidade e validez dos xuízos sintéticos a priori en Física.

c) **Na Dialéctica transcendental** Kant ocúpase da crítica ou fundamentación das condicións transcendentes da facultade da razón. De tal crítica seguirase a lexitimidade ou non da Metafísica como ciencia. É dicir, a posibilidade ou imposibilidade, e a validez ou non, dos xuízos sintéticos a priori na Metafísica.

3.2.1 A Estética Transcendental: o coñecemento sensible

A sensibilidade é unha facultade pasiva posto que se limita a recibir as sensacións que proceden da experiencia. Na sensibilidade, facultade do coñecemento sensible, hai que distinguir: a *intuición* ou representación dun obxecto singular de modo directo e inmediato, e a *sensació*n que é o contido da representación ou materia da intuición.

Pero tamén hai que distinguir entre condicións empíricas e transcendentais:

- As condicións empíricas son os elementos que interveñen na sensación como proceso psicolóxico (estímulos, órganos sensoriais, calidades sensibles do obxecto, etc.). Son particulares e continxentes.
- As transcendentais son as condicións a priori, universais e necesarias, que fan posible a experiencia, pero previas a ela: son *espazo* e *tempo*.

Espazo e tempo

Kant afirma que *espazo* e *tempo* son as *formas a priori da sensibilidade* (*intuicións puras*). Analizamos que quere dicir esta proposición.

a) *Formas*. Toda sensación se dá no espazo e no tempo, pero do espazo e tempo non hai sensacións. Son a *forma* en que intuímos calquera sensación.
b) *A priori*. Espazo e tempo non proceden da experiencia, pois non son sensacións, senón que a preceden: son as condicións previas que a fan posible
c) *Da sensibilidade*. Distingue entre sensibilidade externa e interna. A externa preséntanos sensacións da realidade exterior ao suxeito; por exemplo, a percepción desta páxina. A interna preséntanos sensacións da realidade interior do suxeito; por exemplo, a sensación de fame ou cansazo. Os materiais da sensibilidade externa danse no espazo e no tempo. Os materiais da sensibilidade interna danse só no tempo.
d) *Intuicións.* Espazo e tempo son únicos. Non hai máis que un espazo (as partes do espazo -aquí, alá, fóra, dentro- son partes dun único espazo), e un só tempo (os intervalos do tempo --antes, agora, despois- son partes dun único tempo). Polo tanto, ao ser únicos non podemos ter conceptos empíricos do espazo e do tempo, posto que un concepto empírico é

a síntese dunha pluralidade de obxectos. Podemos coñecer exclusivamente o espazo e o tempo como intuicións (representación directa e inmediata dun só obxecto).

e) *Puras*. Non podemos ter unha intuición empírica do espazo e do tempo, porque non son obxectos que procedan da experiencia, senón que a preceden como condiciones a priori de toda experiencia. Espazo e tempo son intuicións puras (independentes da experiencia). A intuición pura do espazo é a tridimensionalidade. A intuición pura do tempo é a sucesión indefinida de intervalos regulares. Podemos representarnos o espazo puro sen obxectos, pero non podemos representarnos os obxectos sen espazo. Podemos representar o tempo puro (a sucesión baleira) sen acontecementos, pero non podemos representarnos os acontecementos sen o tempo.

Os xuízos sintéticos a priori nas matemáticas

A intuición pura do espazo queda desenvolvida conceptualmente na xeometría, ciencia do espazo puro e as súas propiedades. Os xuízos da xeometría son sintéticos, porque fan avanzar o meu coñecemento de espazo puro, pero son a priori, porque a intuición pura do espazo é a priori, e por iso os axiomas da xeometría son universais e necesarios, previos e independentes de calquera experiencia.

Tamén, a intuición pura do tempo queda desenvolvida conceptualmente na ciencia da aritmética. Da intuición pura do tempo, entendida por Kant como sucesión indefinida de intervalos regulares, construímos a noción aritmética de serie ou sucesión (primeira noción aritmética anterior á de número) e da noción aritmética de serie ou sucesións deducimos o concepto de número. A aritmética é a ciencia dos números e as súas propiedades. Os xuízos da aritmética son sintéticos en canto fan avanzar o meu coñecemento das propiedades dos números, pero son a priori porque os teoremas da aritmética son universais e necesarios, independentemente de calquera experiencia.

3.2.2 A Analítica Transcendental: o coñecemento intelectual

A sensibilidade preséntanos a multiplicidade dos fenómenos no espazo e no tempo. O entendemento ocúpase da comprensión de tal multiplicidade por medio de conceptos. Un concepto é unha síntese ou unidade dunha multiplicidade de fenómenos. Por exemplo, o concepto de "corvo" unifica a todas as aves desta especie. Á súa vez, os conceptos intégranse en xuízos ou proposicións sobre a realidade.

Mediante a sensibilidade a realidade vén dada pasivamente nas intuicións, mediante o entendemento a realidade é pensada activamente cos conceptos. Coñecer os fenómenos dados na intuición consiste en poder comprendelos (subsumilos) por medio de conceptos. Sensibilidade e entendemento, como facultades do coñecemento, actúan de forma conxunta e interdependente.

Kant explica a interdependencia desta forma: *sen sensibilidade ningún obxecto nos sería dado e sen entendemento ningún sería pensado. Os pensamentos sen intuicións son baleiros, as intuicións sen conceptos son cegas. Por iso é tan necesario facer sensibles os conceptos (é dicir, engadirlles o obxecto da intuición) como facer intelixibles as intuicións (é dicir, sometelas a conceptos).*

Pero tamén hai que distinguir entre condicións empíricas e transcendentais:

- **As condicións empíricas** refírense aos conceptos empíricos, que proceden da experiencia formanse mediante o proceso psicolóxico da abstracción, como o concepto de "árbore", ou o especializado de "masa".

- **As condicións transcendentais** do entendemento refírense aos conceptos no seu uso a priori, ou previo á experiencia. A tales conceptos Kant denomínaos conceptos puros do entendemento ou categorías. Os conceptos puros proceden da espontaneidade do entendemento. Pois o entendemento caracterízase pola capacidade de producir determinados conceptos a priori, ou puros, que, sen ser derivados nin proceder da experiencia, aplícanse aos datos de experiencia para a súa organización e categorización.

A dedución dos conceptos puros do entendemento (categorías)

A analítica dos conceptos consiste precisamente na dedución dos conceptos puros ou a priori. A dedución dos conceptos puros ou *categorías* realízase a partir dos diferentes tipos ou formas de xuízo da Lóxica, posto que coñecer consiste precisamente en formular xuízos sobre a realidade. De modo que a cada posible forma de xuízo corresponde unha categoría de pensar ou constituír a realidade a priori.

Como a Lóxica establece 12 tipos de xuízos, é dicir, de posible relación lóxica entre suxeito (S) e predicado (P), os conceptos puros do entendemento ou categorías serán doce:

a) **Segundo a cantidade,** os xuízos divídense en:
   - Singulares: *categoría de totalidade*. Ex.: Juan é galego
   - Particulares: *categoría de pluralidade.* Ex. Algúns homes son galegos
   - Universais: *categoría de unidade*. Ex. Todos os galegos son afables

b) **Segundo a calidade**, os xuízos divídense en:
   - Afirmativos: *categoría de realidade.* Ex.: Todos os homes son mortais
   - Negativos: *categoría de negación.* Ex.: Ningún home é inmortal
   - Infinitos: *categoría de limitación*. Ex.: A alma é inmortal

c) **Segundo a relación**, os xuízos divídense en:
   - Categóricos: *categoría de substancia e accidente.* Ex.: A Terra é un planeta
   - Hipotéticos: *categoría de causalidade*. Ex.: Se chove móllanse as rúas
   - Disxuntivos: *categoría de comunidade.* Ex.: Estudias ou traballas?

d) **Segundo a modalidade**, os xuízos divídense en:
   - Problemáticos: *categoría de posibilidade.* Ex.: Quizais chova.
   - Asertóricos: *categoría de existencia*. Ex.: A porta está aberta
   - Apodícticos: *categoría de necesidade*. Ex.: dúas máis dúas son catro

O Esquematismo e os principios do entendemento puro

Deducidas as categorías puras ou a priori, hai que explicar como as categorías se aplican correctamente á experiencia. É dicir, como as doce categorías poden referirse á multiplicidade de datos da experiencia sensible: cáles son as regras de uso das categorías.

A aplicación das categorías á experiencia ou datos da sensibilidade realízase mediante os *esquemas transcendentais*. Un esquema é unha regra de uso do entendemento puro que pon en relación de enlace ou unión ás categorías cos datos empíricos e dá lugar ao coñecemento intelectual. Os conceptos que formamos e os xuízos que formulamos sobre a realidade son o resultado da aplicación das diferentes categorías aos datos sensibles. Así, a experiencia, o mundo dos fenómenos non é un mundo imprevisible de meras "aparencias cambiantes" senón que obedece a regras determinadas e precisas que establecen os modos lóxicos en que a realidade se presenta e é coñecida polo entendemento. […]

Unha vez que Kant expuxo os esquemas transcendentais do entendemento e as súas regras de uso, prosegue coa dedución dos *principios puros do entendemento* que proceden da esquematización de categorías e permiten a aplicación destas ao coñecemento obxectivo da natureza, é dicir, á Física. Os principios do entendemento puro son proposicións universais e necesarias, a pr iori , que fan posible a formulación de leis científicas e, en consecuencia, os xuízos sintéticos a priori da Física. […]

Os xuízos sintéticos a priori en Física

As leis da natureza ou leis da Física son xuízos sintéticos a priori. Son sintéticos porque fan avanzar o meu coñecemento dos fenómenos naturais. Son a priori porque son universais e necesarios, sometidos ao uso dos conceptos puros ou categorías que impoñen as súas regras de coñecemento aos fenómenos e por conseguinte á natureza. Así, o *principio de causalidade* (mesmas causas, iguais efectos) que rexe e determina a universalidade e necesidade das leis físicas, é unha consecuencia do uso puro da *categoría de causalidade*; é dicir, da aplicación ou imposición que o entendemento fai da categoría de causa aos fenómenos naturais en certas condicións para a súa comprensión científica.

Fenómeno e nóumeno

Pero, as categorías ou conceptos puros do entendemento, os esquemas transcendentais e os principios do entendemento puro non poden ser usados con validez fóra do ámbito da experiencia, é dicir, máis alá do dado no espazo e no tempo. Kant entende por "fenómeno" o que se dá pasivamente á intuición sensible no espazo e no tempo, e ao que se aplican activamente as condicións transcendentais do entendemento (categorías, esquemas e principios). O *fenómeno,* en resumo, é o que aparece e é coñecido polas facultades do coñecemento.

Non obstante, o feito epistemolóxico de que hai algo que se aparece e é coñecido polo suxeito transcendental, implica o suposto de que hai algo que non aparece nin é coñecido; é dicir, que hai algo que existe en si mesmo. A este correlato especulativo do fenómeno, necesariamente incognoscible posto que está máis alá das facultades e condicións empíricas e transcendentais do coñecemento humano, Kant chámalle *"nóumeno" ou cousa en si*. Supoñemos o nóumeno por contraposición significativa ao fenómeno, pero non porque poidamos formar concepto ningún do nóumeno, posto que calquera concepto válido para o uso teórico da razón presupón o uso das categorías na súa aplicación á experiencia.

O nóumeno ou cousa en si aínda que non poidamos coñecelo cumpre unha función crucial para delimitar o uso teórico e o uso práctico da razón. Pois, segundo Kant hai dous sentidos do termo "nóumeno".

a) En sentido negativo, o nóumeno é entendido como o que resulta incognoscible para o uso teórico da razón, posto que é imposible para a sensibilidade a intuición dun obxecto puramente intelixible (carecemos deste tipo de intuición, solo é posible a intuición sensible dun obxecto ou a intuición pura do espazo e o tempo), e é imposible para o entendemento a comprensión válida dun obxecto que non se deu previamente á intuición sensible.

b) En sentido positivo: se ben non é posible para o uso teórico da razón a intuición e comprensión correcta dun obxecto puramente intelixible, é posible e admisible un "coñecemento" válido dos nóumenos ou cousas en si mesmas a través do uso práctico da razón, como estudaremos máis adiante.

Anteriormente analizamos por que o sistema kantiano se denomina idealismo transcendental. Agora podemos explicalo: porque non podemos coñecer a realidade tal e como é en si mesma ("noúmeno"), senón tal e como é constituída polo suxeito transcendental a partir da experiencia ("fenómeno").

3.3.3 Dialéctica Transcendental: o coñecemento racional

A razón tende a realizar síntese ou unificacións da experiencia, a partir dos coñecementos proporcionados polo entendemento, mediante xuízos cada vez máis xerais. Mentres esa actividade racional se mantén dentro dos límites da experiencia, os seus coñecementos son extensivos e válidos, é dicir científicos.

Pero, segundo Kant, resulta inevitable a tendencia da razón á unificación do coñecemento mediante principios que rematan sempre por ir máis alá dos límites da experiencia e formular síntese incondicionadas de carácter especulativo. Estes principios unificadores e explicativos da totalidade do real, de carácter puramente racional son as *ideas metafísicas*. É dicir, o que antes denominabamos *noumenos* ou realidades en si mesmas. E, da mesma forma que o pensamento humano creou ciencias como as Matemáticas e a Física, acontece tamén que o uso da razón fóra dos límites válidos da experiencia creou a Metafísica, considerada historicamente como a ciencia primeira (primeiros principios do ser e do coñecer) e fundamental (base ou fundamento das restantes ciencias particulares).

Na Dialéctica transcendental Kant pregúntase pola validez da Metafísica como ciencia ou, o que é o mesmo, pola posibilidade e lexitimidade de formular xuízos sintéticos a priori en Metafísica. Nesta parte da *Crítica da razón pura* exponse a discusión da razón consigo mesma a propósito das ideas metafísicas, e da súa xustificación para o uso teórico da razón. É posible un coñecemento último ou incondicionado, é dicir, que non se axuste ás condicións empíricas e transcendentais de todo coñecemento válido (que estea fóra do espazo, do tempo e das categorías)? Podemos ter coñecemento de síntese non transcendentais senón transcendentes (máis alá de toda experiencia posible)? É dicir, podemos coñecer os nóumenos ou cousas en si mesmas?

As ideas metafísicas

As *ideas metafísicas* son principios especulativos que proceden de determinadas síntese transcendentes da razón. Chámanse "transcendentes" porque a razón no seu uso teórico vai máis alá das condicións empíricas e transcendentais (espazo, tempo e categorías) do coñecemento. As ideas ou síntese metafísicas máis xerais son tres: *alma, universo e Deus.*

- Alma: a idea da alma procede da síntese incondicionada ou última (xa non admite unha síntese ulterior) da totalidade da experiencia interior.
- Universo: a idea do universo procede da síntese incondicionada da totalidade da experiencia exterior.
- Deus: a idea de Deus procede da síntese incondicionada da totalidade da experiencia interior e exterior.

Á crítica de cada unha destas ideas dedica Kant un apartado da Dialéctica trascendental: Psicoloxía racional, Cosmoloxía racional e Teoloxía racional. Nelas mostra Kant como a Psicoloxía racional se fundamenta en *paraloxismos* (razoamentos falaces), a Cosmoloxía conduce a *antinomias* (contradicións) insalvables, e a Teoloxía racional apoiase en argumentos que non respectan as regras de uso das categorías. Polo que a Metafísica carece de valor como ciencia, pois non constitúe coñecemento, por carecer de base empírica. […]

Conclusións da dialéctica transcendental

A primeira conclusión da Dialéctica transcendental é que non son válidos os xuízos sintéticos a priori na Metafísica**.** A Metafísica é unha ilusión transcendental. Non é posible un coñecemento racional e válido de ideas transcendentes (Alma, Universo e Deus).

A segunda conclusión é que as categorías non son aplicables fóra da experiencia, é dicir, máis alá do dado no espazo e o tempo. O que se aparece ao suxeito como coñecemento válido (axustado ás condicións transcendentais do coñecemento) é o que Kant denomina "fenómeno" (o obxecto en tanto que se mostra e é coñecido). Correlativamente, o que non se mostra nin é coñecido é o "nóumeno" ou cousa en si, un obxecto meramente especulativo ou entelequia. Nós non podemos coñecer o que son as "cousas en si mesmas", posto que están máis alá dos límites do uso teórico da razón.

A terceira conclusión é que se ben non é posible un uso constitutivo das ideas metafísicas para razón teórica, posto que non constitúen coñecementos válidos (non hai xuízos sintéticos a priori sobre a alma, o universo ou Deus), é posible un dobre *uso regulativo*:

⇒ positivo, en canto serve para impulsar a investigación cara á conquista de novas fronteiras e avanzar así no coñecemento; e

⇒ negativo, en canto que serve de criterio de separación entre os coñecementos válidos e non válidos.

Agora ben, se a razón teórica é incapaz de acceder ao coñecemento das cousas en si mesmas (ideas metafísicas), posto que é imposible un coñecemento puramente nouménico ou especulativo, non pode excluírse unha vía de acceso distinta desta...

4. Inmanuel Kant: a ética formal

Na *Crítica da razón práctica* Kant proponse realizar unha fundamentación do uso práctico da razón, é dicir, contestar á pregunta *Que debo facer?* Trátase dunha reflexión crítica sobre os principios que orientan a acción e as condicións da liberdade, é dicir, sobre o problema ético. O punto de

partida da crítica do uso práctico da razón é a consideración da moralidade humana como un feito dado, do mesmo modo que a ciencia o era para a razón teórica.

Kant examina dúas posibles concepcións xerais da moralidade: as *éticas da felicidade* e a *ética do deber*.

- No primeiro caso, a norma moral está determinada por uns fins que, en última instancia, conducen á felicidade persoal.
- No segundo caso, a norma moral non está sometida a ningún fin que a determine, polo que o seu fundamento estaría só no sentido do deber.

Éticas materiais: a estrutura da felicidade

As éticas da felicidade reciben tamén a denominación de "éticas materiais", pois analizan e describen o contido e a estrutura da felicidade humana:

a) **Son éticas teleolóxicas.** Os seus principios e normas (imperativos) están sempre dirixidos á busca e *obtención da felicidade* como **fin último da acción humana.**

b) **Son *éticas do ben***. Cada unha das éticas materiais determina o que entende por **felicidade,** entendida como **fin e ben supremo**; a partir de aí elabora os seus imperativos morais, é dicir, os principios e normas dirixidas a consecución do ben final. [O fin supremo, segundo algúns sistemas morais, pode ser o pracer (hedonismo), a utilidade ou ben común (utilitarismos), os bens materiais, como o éxito, cartos, poder, etc. (éticas materialistas), o coñecemento (intelectualismo) ou a salvación transcendente (cristianismo, etc.]

   A éticas materiais son "éticas da **subxectividade**", posto que a cada fin último lle corresponde un código ético. Ás veces, nin sequera nos guiamos por códigos coherentes senón que inesperadamente cambiamos de código e alternamos os fins: nun mesmo día podemos ser egoístas, altruístas, materialistas, etc... Ademais, a natureza humana é proclive á proliferación ilimitada dos fins nos que basea a súa felicidade. Ten unha capacidade de desexar tan desmedida que apetece mesmo fins que son contrarios á súa propia natureza.

c) Son ***éticas empíricas ou a posteriori***. O que determina á vontade a actuar son motivos baseados na experiencia, nos contidos e as consecuencias visibles, probadas e avaliables da conduta....

d) Son ***éticas heterónomas***. Unha vontade heterónoma decide sempre por motivos externos á propia vontade racional (interese ou medo)**,** non por un acordo interno da vontade coa súa propia norma, á marxe e mesmo en contra de tales motivos. Tales motivos externos á norma interna da vontade son moi variados: de tipo fisiolóxico, psicolóxico, sociolóxico, educacional, relixioso…

e) A éticas materiais baséanse en principios ou *imperativos hipotéticos*. Tales imperativos non son leis morais, pois non valen de forma universal e necesaria. Só valen dun modo condicional, como medio para alcanzar un fin, ou ben concreto de que se trate. Son imperativos particulares, limitados por unha concepción determinada do ben. "*Debes facer X, se queres conseguir Y*".

A ética formal de Kant: a forma pura da vontade ou o sentido do deber.

Pero, o que ten auténtico valor ou mérito moral segundo Kant non son as accións que están dirixidas pola inclinación natural e incuestionable do ser humano á busca da felicidade, senón as que teñen como obxectivo o cumprimento preciso do sentido do deber. Ten pouco ou ningún mérito moral devolver os cartos extraviados ao seu propietario anónimo por temor ás consecuencias que ten incumprir a lei, ou pola posible recompensa desa acción. Pero si o ten cando se fai por acordo da conciencia moral co noso deber.

É imposible, segundo Kant, atopar o fundamento dunha lei moral universal nas éticas materiais en canto:

- Os seus imperativos hipotéticos non son leis morais universais e necesarias, senón normas subxectivas (particulares e continxentes). A aceptación e respecto de tales imperativos depende da aceptación do fin proposto, convertido en condición do imperativo (“se queres tal fin…, X).

- As decisións adoptadas pola vontade son consideradas como produto dun ríxido determinismo causal de carácter fisiolóxico, psicolóxico, sociolóxico, educacional..., que nos impide actuar doutro modo e propicia o predominio natural do motivo máis forte. Por exemplo: "Non podo evitar discutir violentamente coa miña compañeira porque o meu temperamento e carácter son así e impúlsanme a facelo".

Neste punto, Kant pregúntase que pode ser considerado un ben en si mesmo, é dicir, algo bo sen limitacións nin condicións. E contesta que o único que pode ser considerado un ben en si mesmo é **unha boa vontade**, unha vontade cuxa intención é impecable, independentemente dos contidos concretos e das consecuencias empíricas das súas decisións e accións. Nin no mundo, nin, en xeral, tampouco fóra do mundo, é posible pensar e nada que poida considerarse como bo sen restrición, a non ser tan só unha boa vontade. As súas características serían:

a) Unha vontade considerada boa sen restricións decide e actúa exclusivamente *por* ***sentido do deber***. Isto non sempre acontece así porque a vontade orienta a súa acción mediante tres tipos de normas ou imperativos: a) contrarias ao deber, b) conformes ao deber, e c) **por sentido do deber.** Só neste último caso, cando se actúa por imperativos de deber, a vontade sométese a unha lei moral (universal e necesaria), non por pracer ou utilidade, senón por respecto á propia lei. Segundo Kant, só estes principios teñen valor ou mérito moral sen limitacións
b) A ética kantiana é ***formal*** porque non establece o que se debe facer (o fin, ou contido concreto e as consecuencias da acción), senón só a forma en que debemos actuar. Unha vontade para a cal o importante non é o que se faga (materia do acto moral), senón que o que se faga sexa por acordo completo da vontade co seu sentido interno do deber (***forma* de acto moral**).
c) Unha vontade que actúa por puro sentido do deber orienta a súa acción mediante ***imperativos categóricos*** ou principios morais incondicionados. A forma máis xeral do imperativo categórico é a seguinte: "Iso débese facer sempre ". Con palabras de Kant: ***obra segundo unha máxima tal que poidas querer ao mesmo tempo que se converta nunha lei universal***. Polo tanto, o imperativo categórico é único. Da forma baleira e exclusiva do imperativo categórico séguense os múltiples exemplos de imperativos de deber ou leis morais concretas. Os imperativos de deber, baseados na fórmula do imperativo categórico,

son **xuízos sintéticos a priori da moralidade**. Sintéticos en canto fan avanzar o meu coñecemento da moralidade nun ámbito determinado da acción e a priori en canto son universais e necesarios. É dicir, non son principios subxectivos, continxentes ou circunstanciais, senón rigorosamente racionais.

d) **Ética autónoma.** Unha vontade que se prescribe a si mesma, que se dá a si mesma a súa propia norma mediante imperativos de deber é ***unha vontade autónoma***, por canto a súa orientación procede da súa propia lei moral e non de motivos ou causas externas (heteronomía da vontade). Outra formulación do imperativo categórico a seguinte en palabras do autor: ***Obra de tal maneira que a vontade poida considerarse a si mesma como lexisladora universal*.**

e) **Unha vontade autónoma e libre**, **considera ás persoas** non como medios para conseguir un fin (éticas materiais), senón **como fins en si mesmas**. Os principios racionais, universais e necesarios, da ética formal kantiana, son leis morais válidas para todos os homes**,** posto que só o *home como ser racional é un fin en si mesmo* e nunca só un medio para outro. Outra formulación do imperativo categórico subliña a universalidade da ética formal kantiana: ***Obra de tal modo que uses a humanidade como un fin e nunca meramente como un medio*.**

Os postulados da razón práctica

A *Crítica da razón pura* concluía afirmando que a razón, no seu uso teórico, non pode acadar coñecementos metafísicos. Pero, non a inexistencia nin a imposibilidade de acceso ás ideas metafísicas ou nóumenos dende outros usos da razón. Agora será recuperadas como postulados da razón práctica.

a) **A liberdade da vontade**: se a vontade só estivese determinada por causas empíricas (fisiolóxicas, psicolóxicas, sociolóxicas ou educacionais), as acción non serían libres e, polo tanto, non poderían cualificarse como boas ou malas. En consecuencia o feito da moralidade sería simplemente unha ilusión. É evidente que non é posible atribuír valores ou calidades morais aos acontecementos sometidos meramente á causalidade natural… En consecuencia, teñen que existir no mundo dúas formas compatibles de causalidade: unha por necesidade natural, de carácter empírico, que fundamenta o coñecemento científico; e outra por liberdade, de carácter metafísico, que fundamenta a existencia e o sentido da lei m o r a l .

b) **A inmortalidade da alma**: a contraposición entre desexo e obriga, entre felicidade e deber como elementos da dimensión moral do home, lévanos á coñecida afirmación de que non sempre coinciden; é máis, adoitan non coincidir neste mundo. Así, nin os felices son sempre virtuosos nin os virtuosos felices. Pero a razón práctica esixe a síntese última entre estes dous elementos constituíntes do feito moral: felicidade e virtude. Esta síntese constitúe o que Kant chama *o ben supremo.* Non tería ningún sentido actuar permanentemente por sentido do deber, nun sobrehumano *ideal da santidade,* como Kant o denomina, se finalmente este comportamento ético non se vise compensado con toda xustiza coa obtención da felicidade como fin último e irrenunciable da vida humana.

   Agora ben, sabemos que a síntese entre felicidade e virtude non pode realizarse neste mundo, polo que só a inmortalidade da alma é a garantía do progreso indefinido da virtude ata que se produza fóra do mundo a unidade final entre ambas, é dicir, ata que os virtuosos sexan definitivamente felices.

c) **A existencia de Deus**: é sabido que a síntese final entre felicidade e virtude non pode realizarse por si mesma neste mundo. Pero tampouco a razón práctica pode demostrar de modo convincente que tal síntese poida realizarse por si mesma máis alá deste mundo. Polo tanto, a esixencia ineludible da razón práctica de tal síntese precisa do postulado da existencia de Deus como única garantía de que virtude e felicidade coincidan finalmente. Kant concibe a Deus como a causa sobrenatural que harmoniza virtude e felicidade e sen a cal o ben supremo (a unidade final entre virtude e felicidade) non sería realizable. Deus garante noutro mundo a felicidade dun obrar virtuoso. A existencia de Deus non pode ser demostrada racionalmente senón que a razón práctica postula a súa existencia como un ideal moral irrenunciable. A relixión procede da moralidade e non ao revés (como en Tomé de Aquino) posto que a autonomía moral está por enriba de calquera consideración, mesmo teolóxica.

Licenzas das ilustracións

Ilustración	Recurso
Ilustración 1. I.Kant	Autoría: J.G.Becker (1768) Licencia: Dominio público Procedencia: https://es.wikipedia.org/wiki/Immanuel_Kant#/media/Archivo:Kant_gemaelde_3.jpg